


# FIADDEIRO

SEGUNDA ÉPOCA: Nº 19



ROBERTO  
VIDAL  
BOLÃO

LETRAS GALEGAS 2013  
C.E.I.P. MONTEMOÇOS  
BELUSO

# ***ÍNDICE***

*TRABALLOS DE INFANTIL.*

*TRABALLOS DO PRIMEIRO CICLO.*

PRIMEIRO CURSO.

SEGUNDO CURSO.

*TRABALLOS DO SEGUNDO CICLO.*

TERCEIRO CURSO.

CUARTO CURSO.

*TRABALLOS DO TERCEIRO CICLO.*

QUINTO CURSO.

SEXTO CURSO.

*TRABALLOS DE MÚSICA.*

*TRABALLOS DO DEP. ORIENTACIÓN.*

# Non vos esqueceremos!



Somos os alumnos de Sexto de Primaria. Este ano temos que marchar para o instituto. Antes de marchar, queriamos despedirnos de todos vós. Botaremos moito de menos todos os momentos que pasamos xunto aos profesores e alumnos que estiveron con nós todos estes anos. Estes seis anos, neste colexio, foron moi agradables e nunca os imos esquecer e agardamos que vós tampouco os esquezades. Queremos agradecerlle ao profesorado todo o que nos foron ensinando ano tras ano.

# SABÍAS QUE...

O CALAMAR XIGANTE



O calamar xigante, tamén chamado **KRAKEN**, pode ter o tamaño dun autobús.

**POIS SI QUE CHE É BEN GRANDE!!!**


OS POLBOS TEÑEN **3**




ESTARÁN SEMPRE NAMORADOS!!

O VENTO PROVOCA AS ONDAS DO MAR. MAR ADENTRO PODEN MEDIR MAIS DE 30 METROS





As ostras fabrican as perlas en defensa propia cando un insecto mto na súa concha, como pode ser unha areia, chegando a sacar areolas. Só unha entre un millar é valiosa e chámase:  
"perla auga".




Os peixes obtñen o oxíxeno a través da auga polas branquias




AS CARACOLAS

O chegar unha caracola ao oído escótamos un son parecido ao mar producido polo choque de rudo contra as vías paredes cada caracola ten un son diferente.



A NOSA COSTA





**LENDA**

-  VELEIRO
-  PESQUEIRO
-  BATEA
-  MARISCO
-  MARISCO
-  PRAIA
-  PEIXE
-  CONSERVA
-  AVE
-  PERCEBE
-  MEXILLÓN
-  GAIVOTA
-  POLBO
-  LINGUADO
-  GAMELA
-  AMEIXA
-  PEIXE

Como xa sabedes, os nenos e nenas de 2º curso, este ano no Entroido fomos disfrazados de "Medusas", pois o tema central era o mar.

Aproveitando o tema do disfraz fixemos unha pequena investigación para poder contarvos algo máis sobre as medusas.



# AS MEDUSAS

A medusa é unha das criaturas máis fermosas, sorprendentes e misteriosas que habitan os mares. Estes animais mariños teñen un corpo transparente, xelatinoso, con forma de seta e adquiren coa auga diferentes tonalidades de rosa, violeta e azul. Dos seus bordos nacen multitude de tentáculos colgantes e urticantes.

As medusas pertencen ao grupo dos CNIDARIOS. "Cnida" en grego significa "ortiga" que é unha planta herbácea de talo e follas cubertos de pelos urticantes, que ao contacto coa pel produce próiido e ampolas.


As medusas teñen un corpo moi simple pois carecen de esqueleto interno, de corazón e de cerebro. Non son peixes, senón un tipo de invertebrado.

O seu tamaño é moi diverso: existen dende unhas diminutas, de un centímetro de diámetro ata as xigantes que o seu corpo mide arredor de 2,5 metros e teñen uns tentáculos de 36 metros de longo. O máis normal é que non superen o metro de diámetro.


Viven solas ou en grupo en tódolos océanos e mares do planeta, mesmo en auga doce pero con máis abundancia nas augas cálidas e son transportadas por correntes mariñas.

Son animais carnívoros. As máis pequenas comen plancto e as máis grandes comen crustáceos (cangrexos, langosta, nécoras, etc.), peixes pequenos e outras medusas.

As medusas, en xeral, teñen poucos inimigos.



## Preparando os nosos disfraces




# A CAZA DA BALEA

O pasado día 19 de febreiro todo o 2º ciclo de Primaria fomos de visita ao **MUSEO DO MAR DE GALICIA** (Xunta de Galicia) en Alcabre (Vigo).

Alí, separáronos en dous grupos de traballo. Deste xeito, os nenos e nenas de 4º curso fixemos un obradoiro no que nos falaron da **pesca en Galicia** ao longo da historia.

Aínda que todo o obradoiro foi moi interesante, o que máis nos chamou a atención foi a **caza da balea**.

Por iso, decidimos investigar pola nosa conta para saber máis sobre estes enormes **cetáceos**.



## AS BALEAS

As baleas son **mamíferos acuáticos** grandes e intelixentes que **pertencen á familia dos cetáceos**, igual que os golfinhos e as toniñas.

Son os únicos mamíferos, aparte dos manatís e dos golfinhos, que **pasan toda a súa vida dentro da auga**.

O corpo das baleas, liso e estilizado, está cuberto baixo a pel por unha capa de graxa que lles permite manter a calor, almacenar enerxía e flotar. A súa grande cola é o seu principal órgano propulsor. Está composta por un tecido elástico e fibroso que a fai moi flexible. Por estas razóns, móvense con facilidade na auga a pesar do seu gran tamaño.


As baleas respiran a través duns orificios situados enriba da cabeza. O vapor que exhalan sae por estes orificios cando as baleas expulsan o aire dos pulmóns para poder asolagarse nas profundidades oceánicas.

O corpo das baleas está provisto dunha cantidade maior de sangue que a doutros mamíferos. Por outra parte, poden almacenar unha maior cantidade de osíxeno e renovan con cada inspiración moito máis aire.

En vez de dentes posúen unhas estruturas alongadas chamadas barbas que penduran das súas mandíbulas e que lles serven como filtros para apresar o plancto.

As baleas aliméntanse de kril, que é un tipo de zooplancto mariño. Abren moi ben a boca para deixar que entre a maior cantidade de auga, logo péchana e, coa lingua, premen cara arriba para atrapar só o alimento e deixar pasar a auga a través das barbas.

IRIA VILLANUEVA SÁNCHEZ



## A CAZA DA BALEA NOS PRIMEIROS TEMPOS

As baleas achegábanse ás **costas do Cantábrico** debido á bravura do mar de **novembro a marzo**.

As capturas tiñan lugar principalmente nos meses de **xaneiro e febreiro**.

Xeralmente as baleas **nadaban en grupo** moi preto da superficie e a **súa respiración era tan forte** que se escoitaba doadamente a distancia. **Cando eran avistadas** desde as atalaias, ao sinal do vixía **o pobo mobilizábase** e os pescadores vogaban nas súas barcas **tras a presa**.

A caza de baleas practicábase con barcas de remos e **arpóns manuais**.

Os botes colocábanse aos lados da balea e arponeábanse, ata que **morría desangrada**. A balea antes de morrer **sumerxíase** e despois **emerxía** e expulsaba un chorro de sangue.

Un exemplar medio adoitaba medir **uns quince metros** e pesar **sesenta toneladas**.

Un só exemplar proporcionaba **centos de toneladas de carne** e outros moitos produtos como por exemplo o famoso **aceite de balea** (saín) que utilizaban como **combustible** para alumear.

ANDREA CORDEIRO ENRÍQUEZ



## A CAZA DA BALEA NO SÉCULO XX

A caza de baleas practicábase con unidades de caza que comprendían un **buque-factoría**, unha decena de barcos **baleeiros** e un petroleiro para suministrar combustible á flota.

Os baleeiros detectaban as baleas cun **radar**. Unha vez avistado un grupo de baleas cada un atacaba a un animal co **canón lanza-arpóns**.

A balea ao ser ferida sumerxíase inmediatamente arrastrando o cable ao que estaba unido o arpón .

O **baleeiro** opoñíase a este movemento facendo marcha atrás.

A **presa** esgotábase e saía á superficie para tomar alento, nese momento aproveitaba o barco para achegarse a ela e darlle o **arponazo final**.

Logo , pasábanlle ao redor da cola unha amarra que lle impedía perderse.

A continuación, enchíase de aire o animal coa axuda dunha bomba de inchar e así evitar que se afundira.

Por último, levábase ata o buque-factoría onde se despezaba.



## INDUSTRIA BALEEIRA EN GALICIA.

A comezos do século XX establecéronse en Galicia dúas compañías baleeiras . Unha era a **Compañía Ballenera Española**, creada en 1914 que comezou a súa actividade á fin da Primeira Guerra Mundial.

Os seus inicios foron na zona do Estreito de Xibraltar, abrindo a factoría en Caneliñas en 1924.

A outra compañía era a **Sociedad Anónima Corona** con sede en Vigo que obtivo autorización para a caza de baleas en decembro de 1923 a nome de Cipriano Roque de Careaga e Cortina .

En 1924 comezou a súa actividade a bordo do **buque factoría Alfonso XIII** que fondeaba na ensenada de Barra e na Ría de Aldán. O buque era abastecido polas capturas dos barcos auxiliares **Corona I, II III e IV**.

Debido á crise provocada pola **Guerra Civil Española** e pola **II Guerra Mundial** a industria baleeira estivo parada.

En 1951 a empresa **Industrias Balleneras S. A. (IBSA)** restaura a factoría de Caneliñas.

En 1955 nace a empresa **Balea C. B.**, participada a partes iguais por **Massó Hermanos, Barreras e IBSA**. A súa factoría, que estivo activa ata 1985 e foi instalada no lugar de **Balea** (Cangas).

CARLA MOITAL FERNÁNDEZ



## A FIN DA CAZA DE BALEAS

A caza de baleas **está prohibida internacionalmente** para fins comerciais desde o ano 1986. Sen embargo, existe unha autorización para o Xapón pero só para fins científicos.

Estímase que durante o século XX **360.000 baleas azuis** morreron sendo presa dos buques baleeiros.

ALEXANDRA DURÁN CHAPELA



FONTES : *ENCICLOPEDIA LAROUSE, GOOGLE, GALIPEDIA E A AULA NA CASA (La Voz de Galicia)*

# A PESCA DO BACALLAU

A historia que vos vou contar transcorre no ano 1989 cando meu padriño, José Antonio, aínda era moi novo e ía por primeira vez a Canadá á pesca do bacallau.

Os barcos chamábanse: Colombo II e Colombo III. Eran dous barcos xemelgos, das mesmas características, porque pescaban en parella. A rede arrastrábana entre os dous barcos, así abarcaban un espazo de pesca máis amplo. Un lance (botar as redes e recollelas) era para un barco e outro lance para o outro barco.

Nesa zona de pesca, había moito frío, case sempre as temperaturas eran baixo cero, nevaba moito, había moito mal tempo e as ondas eran moi grandes.

Meu padriño estaba abraiado coa nova paisaxe. Unha das cousas que máis lle gustou, era cando tiñan que ir rompendo o xeo, porque o mar estaba conxelado, parecía unha inmensa pista de xeo!!!! . Podías saltar do barco e andar tranquilamente, como facían as focas que se tiraban ao paso do barco, seguramente en busca dalgún peixe que se tiraba pola borda ao estar a escollelo.

Un día levantaron as redes e estiveron navegando unhas horas. O patrón dixera que cambiaban de praia de pesca e ían pescar a un lugar chamado **gran banco**, xa que alí ían pescar peixes grandes como rapaces da miña altura.

Ao principio meu padriño non o cría, porque ata aquel momento pescaban bacallaus normais. Pero cando meteron as redes a bordo, e mirou unhas dez toneladas de enorme bacallau que pescaran no lance, non deixaba de sorprenderse.



Ana Ríos Ferradás

# NAUFRAXIO

O 13 de febreiro do ano 1992 o barco M/P Tarín, no que ía como tripulante o meu avó, partiu do porto das Palmas (Illas Canarias) para ir pescar.

Cando xa levaban algo máis de tres meses de travesía tropezaron cun tronco á deriva estando á altura de Dakar (Senegal).

O 3 de xuño foron ao fondo. Ese día tanto meu avó como o resto da tripulación volveron nacer. Grazas ás balsas salvavidas e a un mercante alemán salváronse todos e puideron regresar de novo ao porto.



M/P TARÍN

Ainara Otero Martínez

# ROBIN E O MAR

O que vos imos contar hoxe non é un poema, nin unha lenda, nin unha canción. É unha historia real que ten que ver co mar e cos cans.

Preguntarédevos que ten que ver o mar cos cans, pois veredes. Fai trece anos, o noso pai traballaba nun barco de salvamento, rescatando náufragos, axudando a embarcacións en perigo, etc..., por todos os portos de Galiza.

Por aquela época no porto de Vigo andaba un can moi fraco e con aspecto de abandonado.

Unha tarde, non había tormenta, a mar estaba en calma e parecía que non pasaba nada. Cando de repente, o barco do noso pai recibe a chamada de que algo caíra á auga alí cerca do porto.

Noso pai saíu nunha embarcación auxiliar que tiña o seu barco a ver que pasaba. E alí estaba, a punto de afogarse, o can abandonado do porto.

Canto máis se achegaban a el, o can máis se afastaba, pois estaba moi asustado. Intentaron de novo collelo, pero volvíase apartar.

Así estiveron un bo anaco ata que o can empezou a desfalecer. E cando non puido máis, noso pai achegouse, colleuno pola pel do pescozo e subiuno a bordo.

Levárono ata o barco. E alí comeu todas as sobras do mediodía sen respirar, bebeu e descansou na cuberta.

Pouco a pouco foise acostumando a vivir coma un mariñeiro máis. Robin (nome elixido para el pola tripulación) durmía á porta do camarote do noso pai. Participou en todos os rescates que fixo o barco durante catro anos.

O final desta historia ninguén o sabe. Un día noso pai volveu das vacacións ao seu traballo e díxéronlle que Robin desaparecera.

Buscouno por todos os portos de Galicia, pero nunca apareceu.



Unha foto con el mesmo membro da tripulación, "Robin".

## La tripulación del "Serra de Santiago" adopta a un perro que rescató

• "Robin" se ha convertido en un marinero más y dispondrá de chuleta salvavidas

Todo comenzó como un rescate de los naufragos que tiene que realizar la tripulación del buque de apoyo de la Capitanía de Pesca, "Serra de Santiago", aunque al final el rescatado se ha convertido en un miembro más de la tripulación de este buque. "Robin" es un perfecto marinero y "perro salvavidas".

El buque de "Robin" comienza

hacer sus tareas cuando, por motivo de alguna emergencia, decide salir al agua en la dirección de A Laxe y rumbo hacia O Brollón. Algunas personas acorran a los miembros de la tripulación del "Serra

de Santiago", que esos días están atracados en el muelle de la Estación de Transbordos.

En cualquier caso, miembros del servicio de Pesca y Salvamento de la Capitanía de Pesca, lanzaron al agua la embarcación auxiliar y se pusieron a rescatar al perro. Un rescate que fue complicado, según asegura el patrón del


"Serra", ya que el perro tenía mucho miedo a las personas.

Ahora tras cuatro meses de cariño, ha participado como un marinero más en la cubierta del buque donde el "Serra de Santiago" acude como buque de apoyo de la flota gallega. "Robin" ya es un auténtico "perro salvavidas".

Carlota e Teresa Bernárdez López

## UNHA VIAXE MARÍTIMA

Cando vou na lancha co meu pai, gústame ser o temoneiro. Meu pai dáme as instrucións e eu manexo os mandos. Teño que ir moi atento a todo o que ocorre ao arredor.



Para **SAÍR DO PEIRAO** hai que ir a 3 nós como máximo. Se me atopo con outro barco debo saber quen ten a **PREFERENCIA**. Meu pai explicoume que é como cos coches: o que vén pola dereita ten preferencia, o outro debe facilitar o paso reducindo a marcha ou pasando por detrás.

Na ría hai varios **FAROS** que nos axudan a evitar zonas perigosas. Se entro na ría e atopo un faro con luz verde debo deixalo á miña dereita, pero se a luz é vermella debo deixalo á miña esquerda, e así evitaremos encallar nun fondo rochoso que non se ve.



O barco dispón dunha **EMISORA** que debe ir acendida no canal 16, que é o canal de socorro. Tendo estas precaucións evitaremos accidentes e poderemos gozar dunha viaxe por mar no que ás veces nos acompañan os **ARROACES**.

Iago López

## MUSEO MASSÓ: A PRIMEIRA VOLTA AO MUNDO

No mes de outubro o alumnado de 3º e 4º de Primaria visitamos o



Museo Massó (Bueu). Alí nos esperaban “Juan Sebastián Elcano” e “Fernando de Magalhães” para invitarnos a participar nun obradoiro no que descubrimos como era o mundo dos grandes navegantes no século XVI: as carabelas, a procura das especias, o descubrimento de novas rutas para chegar ás Indias Orientais, os aparellos de navegación

que se empregaban,... Resultou moi entretido e interesante e levounos a buscar máis información sobre quen eran aqueles famosos navegantes.



## FERNANDO DE MAGALHÃES

Foi un navegante e explorador nacido en 1481 en Sabrosa, na Rexión Norte de Portugal.

No ano de 1519 sae do porto de Sanlúcar de Barrameda (Cádiz) ao mando dunha expedición composta por cinco naves chamadas:

*A Santiago, A San Antonio, A Concepción, A Trinidad e A Victoria.* A tripulación constaba de 250 homes.

**QUAL ERA O OBJECTIVO DESTA VIAJE?** A súa intención era buscar unha ruta marítima ata ás Indias Orientais polo camiño do Oeste como antes fixera Cristóbal Colón en busca de especias, metais preciosos, sedas e tamén para atopar territorios descoñecidos.



## JUAN SEBASTIÁN ELCANO

JUAN SEBASTIÁN ELCANO, nado en Guipúscoa entre 1486 e 1487 e falecido no océano Pacífico en 1526, foi un **marino explorador**.

En 1519 embarcouse con **Fernando de Magallanes** nunha expedición que buscaba un camiño para ir á India por Occidente. Tras a morte de Magallanes en Filipinas, fíxose cargo do mando e regresou a Sevilla na **NAO VICTORIA** despois de **dar a volta ao mundo**, empregando para iso tres anos menos catorce días



Tres anos máis tarde, en 1525, interveu noutra expedición ás illas Molucas, na cal **descubriu o Cabo de Hornos**. Nesta mesma viaxe cruzou o estreito de Magallanes e morreu en alta mar o 4 de agosto de 1526. Na súa honra, o buque escola da Armada Española leva o seu nome.

MARIO SOUTULLO FIEL

*FONTES : GALIPEDIA, ENCICLOPEDIA BÁSICA DO ESTUDANTE (Everest).*

## CONSECUENCIAS DA 1ª CIRCUNNAVEGACIÓN DA TERRA

A expedición emprendida por Magalhães e rematada por Juan Sebastián Elcano, aportou datos moi importantes:

1. Demostrouse que a Terra é redonda.
2. Quitoulle o medo aos navegantes de que había monstros e abismos ao final dos mares.
3. Foi a primeira expedición en navegar polo estreito que conectaba o Atlántico co Pacífico (Estreito de Magalhães).
4. Descubriu que o Pacífico non era un mar tan pequeno como pensaban, era o maior océano da Terra.
5. A tripulación de Magalhães observou varios animais que eran totalmente novos para a ciencia europea, como por exemplo o guanaco ou o pingüín da Patagonia.
6. Algúns nomes xeográficos foron introducidos por Magalhães :



- Patagonia (terra dos pés grandes) debido a que atoparon pegadas moi grandes de nativos que crían que eran xigantes.
- Tierra de Fuego. Cando a expedición atravesaba o Estreito de Magalhães ían vendo moitas fogueiras no interior do sur do canal.

*(Aridane Moreira e Victor González)*

## MUSEO DO MAR

*O pasado 19 de febreiro as aulas de 3º e 4º de primaria visitamos o MUSEO DO MAR DE GALICIA, en Vigo. A clase de terceiro participou nun obradoiro sobre o mundo submarino.*



*Explicáronnos moitas cousas: os perigos de mergullarse, como foron cambiando os traxes ao longo da historia, a curiosidade das persoas por saber que hai no fondo do mar dende tempos moi antigos. Foi esta idea a que nos levou a investigar se existe un tesouro afundido no estreito de Rande, na Ría de Vigo.*

## O TESOURO DE RANDE

O 15 de outubro de 1702 houbo unha batalla no Estreito de Rande na que se enfrentaron dezanove galeóns españois, apoiados por barcos franceses, contra unha escuadra anglo-holandesa.

Os galeóns españois viñan cargados de ouro e prata procedentes de América e como non poideron desembarcar en Cádiz, buscaron refuxio na Ría de Vigo. Ante o ataque das forzas inglesas e holandesas, o xeneral español, Manuel de Velasco, decidiu afundir os barcos para que os inimigos non levasen os tesouros.



Na súa retirada, os anglo-holandeses levaron varios barcos apresados, entre eles un galeón español que estaba cargado cos tesouros recollidos. A saída de Vigo o galeón encallou ao paso polas Illas Cíes, afundiuse e nunca foi localizado.

Hai historiadores como por exemplo Xosé Ramón Barreiro, catedrático de Historia da Universidade de Santiago, que opinan que os galeóns seguen afundidos en Rande, pero que non existe o tesouro porque o cargamento dos barcos foi transportado no seu momento cara a Madrid en carros de bois.

Así e todo, moitas empresas seguen interesándose pola busca do suposto tesouro e dos galeóns. En novembro de 2007 apareceron na prensa as primeiras imaxes dun dos galeóns afundidos, o **Santo Cristo de Maracaibo**.

### **XULIO VERNE E O TESOURO DE RANDE.**

Na súa novela “Vinte mil leguas de viaxe submarina”, Xulio Verne converte ao capitán Nemo nun dos primeiros buscadores de tesouros e a súa nave **Nautilus** tería sido financiada con parte do tesouro de Rande.



Escultura dedicada a Xulio Verne en Vigo

*Fontes: Wikipedia, Enciclopedia Galega...*

(3º de PRIMARIA)

# PERCEBEIRAS

O 8 DE MARZO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER viñeron unhas percebeiras, familiares de nenas e nenos do colexio a falarnos sobre o seu traballo.

Explicáronnos o material que **empregan: a gateña, pico, riñonera, traxe de ra, botas de goma, a caixa para vender o percebe.**

Os nenos e nenas fixémoslles unhas preguntas e elas contáronnos algunhas cousas como por exemplo:

- Teñen que traballar cando a marea está baixa.
- Sempre collen o percebe na Illa de Ons.
- Teñen que ter moito coidado coas ondas do mar porque o percebe está nas rochas onde o mar bate con máis forza.
- A veces, cando teñen que saltar dende a lancha a terra, dálles un pouco de medo.
- O percebe é mellor no inverno. A chuvia e o mal tempo fan que medre.

Animáronnos para que estudemos moito e cando sexamos maiores, se nos gusta, podemos ser percebeiros ou percebeiras porque para elas é un oficio moi bonito, do que se senten moi orgullosas. Ao acabar démoslles un ramo de flores ás percebeiras que se chaman: Estrella, Carmen, Begoña.



MOITAS GRAZAS POLA VOSA VISITA!

*(Aridane Moreira e Gisela Pérez)*

## Exposición sobre o mar




## Familiarizámonos coa clasificación

### **ANIMAIS INVERTEBRADOS**

CORAL do ARQUIPÉLAGO  
DE ONS

Celentéreo





Gal: BUGUINAS, APUPOS, CORNETAS  
Cast: CARACOLAS, CORNETILLAS  
BUCCINAM LINDATUM

Moluscos gasterópodos



Lapa



Caramuxo

CUNCHAS DE VIEIRA, ZAMBURIÑA,  
BERBERECHO, AMEIXA, NAVALLA E  
MEXILLÓN

Moluscos bivalvos





BOI, CENTOLA,  
CARANGUEXO

Artrópodos-Crustáceos



Gal: OURIZOS DE MAR  
Cast: ERIZOS DE MAR

Gal: ESTRELAS DE MAR  
Cast: ESTRELLAS DE MAR  
Fam. Asteroidea

Equinodermos



## **ANIMAIS VERTEBRADOS**

Gal: CABALIÑO DE MAR  
Cast: CABALLITO DE MAR  
Lat: HIPPOCAMPUS RAMULOSUS  
Fam. Syngnathidae

Peixe óseo



## Letras Galegas 2013



Tras un longo debate entre os académicos, que tiveron que decidir entre as candidaturas avaladas por diferentes personalidades do mundo das Letras, a RAG acordou, por maioría, homenaxear o Día das Letras Galegas 2013 ao dramaturgo **Roberto Vidal Bolaño**.

Trazos biográficos:

Naceu en Santiago de Compostela no ano 1950 e faleceu, en 2002, na mesma cidade. Comezou a traballar, con doce anos, de administrativo; estrea a súa primeira obra teatral aos quince anos.

Todas as súas actividades tiveron como referente o mundo do teatro.

A súa produción literaria "caracterízase por un irrevogable compromiso coa lingua galega, pois estamos ante un autor radicalmente monolingüe, que contribuíu á definitiva instalación do teatro galego na nosa lingua" sinalou a RAG.

Foi, tamén, actor, guionista, director e produtor de teatro.

Obras:

"Laudamuco, señor de ningures"(1976), "Bailadela da norte ditosa" (1980), "Agasallo de sombras"(1992), "Días sen

gloria" (1992), "As actas escuras" (1994) e "Saxo tenor" (1993).

Da obra "Saxo tenor", reproducimos, seguidamente, unha parte do diálogo:

**O XENERAL GRANT:** Señora, acepte as miñas desculpas. Non tiña mentes de ferila. Pero é que aquí haille que ser precavidos e ter boa conta do pouco que aínda temos noso. Amolan moito en nós ¿sabe? Primeiro roubáronno-lo traballo e a factura, e agora queren levárno-lo lixo. E a min é a quen menos lle importa. Desque fechei o negocio, xa só aproveito as bonecas, pero é unha cuestión de principios. ¿Comprende? Claro que eu son un profesional e respecto o circuíto. Os afeccionados cólleno todo, indiscriminan, e logo as gaviotas e as ratas, ¿que comen?

**A SEÑORA ELEGANTE:** Non ten por que desculpase.



**O XENERAL GRANT:** ¿Quere saber-lo que atopei, sendo un neno, no medio dunha morea de lixo? ¡Un Corazón de Xesús! Dende aquela lévoa sempre comigo. ¿Quere velo?

*(Sen agarda-la resposta, abre a camisa e amósalle o peito. Leva pegada unha estampa do Corazón de Xesús)*

O TÍO SAM: Eu coñecía ben o seu fillo, ¿sabe? E pódolle asegurar que iso que veñen de dicir os da tele, en canto a que foi causa das drogas, non é certo. El nin as cheiraba, e iso que aquí, quen máis quen menos, xa me entende. Con algo hai que se gaña-la vida ou esquece-lo mal que a vida se porta con un. Pero non eran cartos o que buscaba.

A SEÑORA ELEGANTE: ¿Entón, o que?

O TÍO SAM: ¿Non o sabe?

A SEÑORA ELEGANTE: Non. Aínda que xa, ¿a quen lle importa?

O TÍO SAM: O saxo. Quería ser músico de jazz. E podería telo sido, e dos bos. Quería ese saxo tenor coma poucas cousas na vida.



A SEÑORA ELEGANTE: ¿Por qué di, ese? Hai outros.

O TÍO SAM: Non para el.

*(Entra un home, tan serio como ben portado)*

O HOME SERIO: ¿Interrompo algunha conversación familiar?

*(A señora vólvese e mira para el en silencio. Non sabe que dicir. Os demais apártanse discretamente e eles quedan a un lado e ó outro da praza, mirándose)*

A SEÑORA ELEGANTE: ¿Qué ves facer aquí?

O HOME SERIO: Tamén era fillo meu, ¿ou xa o esqueciches?

A SEÑORA ELEGANTE: Non me podería esquecer diso aínda que quixera. ¿Cómo soubeches onde estaba?

O HOME SERIO: Supúxeno, coñecéndote.



A SEÑORA ELEGANTE: Non cambiaches moito. Segues presumindo de coñecerme.

O HOME SERIO: E ti segues convencida de que non.

A SEÑORA ELEGANTE: Chameite ó despacho e non estabas. Quería se-la primeira en dicircho.

O HOME SERIO: Déronme o recado cando lles foi posible.

**BIBLIOGRAFÍA CONSULTADA:**

“Saxo tenor” de Roberto Vidal Bolaño. Editorial: La Voz de Galicia, S.A.

Sociedad y cultura. Letras Galegas 2013 de Faro de Vigo.

Ficha do autor: Biblioteca Virtual Galega.

**Sexto curso. 2012-13**

# Escritores noveles

## Escritores noveles

### ATARDECER EN UDRA

Gústanme as estrelas  
e, tamén, as baleas.  
Gústanme as velas,  
pero máis as sereas.

As estrelas  
brilan sen parar  
todas as noites  
por riba do mar.

*María Garrido*

### SUSPIRO

A lúa chea a brilar  
e os lobos a ouvear.

O mar a cantar,  
o sol a brilar  
e os peixes a bailar

*Alba González*

### NON PODO ESCRIBIR

Non podo escribir un poema,  
pois, aínda, non teño ningún tema.  
Cando xa teño algún escrito,  
chego á miña clase e o recito.  
Non son capaz de escribir unha cantiga,  
pois non teño inspiración, querida amiga.  
Cando teña algunha preparada,  
achegareime ao escenario para cantala.

*María Garrido*

### UN MARIÑEIRO CON SORTE

Navegando polas cálidas augas do ecuador no meu veleiro, oín o doce son dunha voz maravillosa, asomeime pola borda e puíden contemplar unha linda rapaza; acerqueime e inviteina a subir a bordo. Obsequioume co mellor dos seus sorrisos e díxome, ensinándome a súa cola de peixe, que era una serea.

Tireime ao mar e, a serea, levoume con ela e amosoume tantas maravillas que perdín a noción da realidade. Atopeime a bordo do barco e a miña sorpresa foi que levaba colgado ao pescozo un colar de coral.

Eu non sei se isto foi un sono, pero dende aquela sigo navegando en busca da miña serea.

*Benito Moides*

### MIRANDO AO MAR

O mar é fermoso,  
doce e agarimoso;  
os peixes nadan sen cesar  
sucando as augas do mar.  
Con cautela debes nadar  
pois cos polbos podes topar.  
Hai sereas baixo o mar,  
xogando cos golfiños sen parar.  
As gaivotas van ao mar,  
cando os mariñeiros van faenar;  
quérenlle os peixes levar  
e téñenas que espantar.

*Lara Fernández*

### O XOGO DO MAR

Un xogo xenial  
é o xogo do mar  
co que poderás  
soños alcanzar.

Xogar coas olas  
e as caracolas.

Xogar na area  
cunha serea

*María Garrido*

## “SON DE MAR”

*Este ano na clase de Música estivemos a traballar “cancións do mar”.*


*Aquí vos deixamos unha mostra dalgunhas delas Non as esquezades!!!*



### CATRO VELLAS MARIÑEIRO

Catro vellos mariñeiros, (Bis)  
 todos metidos nun bote.  
 Boga, boga mariñeiro  
 vamos pra Viveiro  
 xa se ve San Roque.  
 (Bis)

Retrouso  
 ¡Aí lalalo, aí lalalelo,  
 aí lalalo, aí lalalá,  
 aí lalalo. aí lalalelo,  
 aí lalalo, aí lalalá,  
 aí lalalo, aí lalalelo,  
 aí lalalelo, aí lalalá!



Os mariñeiros traballan, (Bis)  
 de noite coa luz da lúa.  
 Da gusto velos chegar-e  
 pola mañás cedo  
 cheirando a frescura.  
 (Bis)

Retrouso  
 ¡Aí lalalo, aí lalalelo....

Traio sardiña e bocarte, (Bis)  
 tamén xurelo pequeno.  
 Rapaciña de Viveiro  
 ven busca-lo lote  
 do teu mariñeiro. (Bis)

Retrouso

**ARAO**

Gavota,gavota,  
Que levas no bocho?  
-Castañas asadas,  
-E quen chas asao?  
-María CouCou,  
Pasou polo río  
E non se mollou.

**Arao,arao**  
**Cabeza de pao.**  
**Tizón,tizón,**  
**Vai pro Salgueirón.(bis)**

-Gavota,gavota,  
Que levas no bocho?  
-Castañas cocidas,  
-E quen chas coceu?  
María QueuQueu,  
Pasou polo río  
E non se meteu.

**Arao,arao...**

-Gavota, gavota,  
Que levas no bocho?  
-Castañas peladas,  
-E quen chas peou?  
-María CouCou,  
Pasou polo río  
E non se mollou.

**Arao,arao...**



**SEREÍÑA**

Sereíña ,sereíña do mar  
Ven a buscarme para...  
1.Saltar.  
2.Pintar.  
3.Nadar.  
4.Remar.  
5.Cantar.



**A RIANXEIRA**



A Virxe de Guadalupe  
cando vai pola ribeira. (bis)  
*descalciña pola area*  
parece unha Rianxeira.(bis)

**Estribillo**

Ondiñas veñen  
ondiñas veñen e van  
non te embarques rianxeira  
que te vas a marear. (bis)

A Virxe de Guadalupe  
cando vai para Rianxo(bis)  
a barquiña que a trouxo  
era de pao de laranxo (bis)

A virxe de Guadalupe  
quen a fixo moreniña,(bis)  
foi un raíño de sol  
que entrou pola ventaniña. (bis)



**OS PEIXIÑOS**

Xente que chega na Praia  
pobo que vive no mar.  
Historias, lendas de sereias  
na area para vir cantar.

**Quen te ensinou a nadar  
Quen te ensinou a nadar  
Foi , foi mariñeiro  
foi os peixiños do mar.**

E nós , que viñemos de outras  
terras e outro mar  
Temos mastro , corajem e vela  
marinheiros a se encontrar.  
Temos mastro , corajem e vela  
marinheiros a navegar.

**SE CHOVE**

Eí vén o vento do mar'e  
eí vén o vento mareiro  
eí vén o meu queridiño  
vestido de mariñeiro.

Se chove, deixa chover'e,  
se orballa deixa orballar'e  
por máis que chova e vente  
de ti non me hei de apartar'e

Pasei pola ponte abaixo  
vin saltar unha sardiña  
mariñeiros ide ao mar'e  
e botádelle a traña

Se chove, deixa chover'e...

Indo polo mar abaixo  
perdín a miña navalla,  
rema mariñeiro rema  
que alá no mar me quedaba.

Se chove, deixa chover'e...

O que navega de noite  
ha tropezar nos penedos,  
eu que ando polo día  
tropezo nos teus enredos

...deixa chover'e, se orballa  
deixa orballar'e, por mais que  
chova e que vente,  
de ti non me hei de apartar'e



**MARÍA MANUELA ( Mamá Cabra)**

María manuela foi mariscar,  
o mar mariñeiro quíxoa namorar.  
de algas mimosas, fíxolle un martelo,  
de escuma miúda, medias de modelo.

-Namorar namorareime,  
heime namorar  
do mar que me bica  
no pé e na man.

María manuela , estrela salgada  
buguina dos ventos, serea das praias.  
o mar dálle beixos, fervello galán,  
o mar dálle beixos, que veñen e van.

(Do libro **Rimas con letra**, de Gloria  
Sánchez, Xerais, 1991)



**NA BEIRA DO MAR**

Ollos verdes son traidores, BIS  
 azules son mentireiros,  
 os negros e acastañados  
 son firmes e verdadeiros. BIS


*Na beira, na beira, na beira do mar  
 hai unha lanchiña pra ir a navegar BIS*

Hoxe vinte pasar a ría BIS  
 cuns zoquiños de madeira,  
 fás tan remangadiña  
 ó pasar pola ribeira BIS

*Na beira, na beira, na beira do mar  
 hai unha lanchiña pra ir a navegar BIS*

Cinco sentidos che temos, BIS  
 os cinco necesitamos  
 pero os cinco perdemos  
 en canto nos namoramos

*Na beira, na beira, na beira do mar  
 hai unha lanchiña pra ir a navegar BIS*



**O PIRATA METEPATA**

O pirata Metepata  
 sempre está de mal humor  
 porque pasa todo o día  
 vendo a televisión.

Navegou os sete mares  
 No seu barco de vapor  
 percorreu todas as illas  
 dende Sálvora ata Ons.

Ai, ai, ai  
 Son un pirata guai.  
 Hou, hou, hou  
 E no meu barco vou.  
 Dos tesouros nada conta  
 se os ten ou os gastou  
 o pirata Metepata  
 quere ir a Eurovisión.

Ai, ai, ai,  
 Son un pirata guai  
 Hou, hou, hou  
 E no meu barco vou.

# Mensaxes pola paz



EXIO MONTE  
Montemogos  
337 Bueu-Pam  
montemogos  
(34) 986 32 12 2

Lara, David, Lucía  
Néctor, María, Benito

*Somos os mediadores: Héctor, María, David Piñeiro, Lucía, Benito e Lara do 6º curso. E queremos informarvos dunha boa noticia:*

*O 30 de xaneiro foi o día da paz, e no colexio para celebralo fixemos unhas mensaxes da paz cada curso e elixíronse as mellores mensaxes para metelas nunha botella e tirala ao mar. Ao día seguinte saímos no Faro de Vigo.*

*Acordádesvos de todo o que ía escrito en cada mensaxe? Acordádesvos de quen se fixera cargo de tirar a botella? Tirárona os pais de Alexandre, un neno de educación infantil. Ata onde credes que chegou?*

*O día 24 de marzo de 2013 ás 4:51 da tarde, un mozo, chamado Pablo Sarabia de Santiago de Compostela, enviounos un e@mail cando atopou a botella que os alumnos preparamos con moito cariño.*

*Primeiro dixo que atopou un pouco de auga na botella e os papeis estaban deteriorados, pero a cartolina amarela coa dirección estaba algo lexible.*

*A atoparon na praia de Area Maior ou praia da Lagoa de Montelouro, Muros ou a praia que se atopa entre as praias de San Francisco e Anoradoiro.*

*A botella estaba situada sobre uns 30 metros da beira, estaba entre as dunas, nunha pequena depresión producida polas mareas tan fortes que estaban chegando. O máis inusual foi que a botella de cristal estaba enterrada e foi a súa cadeliña, de raza minipincher, quen se puxo como unha excavadora ata atopala.*

*Mandounos unha aperta a todos os nenos por escribir con toda a nosa sinceridade as mensaxes da Paz.*

OS MÃIS NOVOS QUEREMOS PRESENTARNOS  
E CONTARVOS ALGUNHAS COUSAS QUE NOS GUSTAN.



GÚSTANOS MOITO XOGAR E PINTAR NO COLE



# LETRAS CALEÇAS 2013



**FIACOLE**